

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

742 *Real decreto 8/2015, do 16 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas.*

Mediante o Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, desenvolveuse a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas.

O Regulamento (CE) 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo, polo que se establecen determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 479/2008 do Consello no que atinxe ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, aos termos tradicionais, á etiquetaxe e á presentación de determinados produtos vitivinícolas, sinala no seu artigo 56.2.b) que na etiquetaxe de viños a mención obrigatoria do nome e enderezo do embotellador se poderá completar, para o caso de viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, cunha mención relativa ao lugar onde se efectuou o seu embotellamento (na explotación do produtor, nos locais dunha agrupación de produtores, ou nunha empresa da zona xeográfica delimitada ou das súas inmediacións), baixo unhas condicións de uso definidas por cada Estado membro.

Unha vez producida a solicitude para establecer a regulación nacional da terceira opción a que refire o artigo 56.2.b) do Regulamento (CE) 607/2009, así como para ampliar a lista de unidades xeográficas maiores que a zona que abrangue unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas, que se inclúen no anexo V do Real decreto 1363/2011, considérase conveniente incorporar ao citado real decreto as solicitudes citadas.

O presente real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas.*

O Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo artigo 19 bis co seguinte contido:

«Artigo 19 bis. *Condicións de utilización de termos que se refiren ao lugar onde se efectúa o embotellamento dos viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida.*

En aplicación do artigo 56.2.b).iii do Regulamento (CE) n.º 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, establécense as mencións relativas ao lugar

onde se realizou o embotellamento, para os viños designados con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas, que figuran no anexo IV bis.»

Dous. Engádesse un novo anexo IV bis co seguinte contido:

«ANEXO IV BIS

Condicións de utilización de mencións relativas ao lugar de embotellamento de viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas (artigo 19 bis)

“Embotellamento en orixe”. Aplicable aos viños con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP) que sexan embotellados nunha empresa situada na zona xeográfica delimitada cumprindo os requisitos establecidos no prego de condicións da dita DOP ou IXP, ou, se for o caso, se o permite o citado prego, cumprindo o indicado no artigo 6.4.a) do Regulamento (CE) 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, nas inmediacións da zona delimitada de que se trate.»

Tres. Modifícase o anexo V –Unidades xeográficas maiores que a zona que abrangue unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas (artigo 22)–, ao cal se engade o seguinte parágrafo:

«“Andalucía”: para as denominacións de orixe protexidas (DOP) “Condado de Huelva”, “Jerez-Xérès-Sherry”, “Málaga”, “Manzanilla-San Lúcar de Barrameda”, “Montilla-Moriles”, “Sierras de Málaga”, “Granada» e “Lebrija”, e, igualmente, para as indicacións xeográficas protexidas (IXP) “Altiplano de Sierra Nevada”, “Bailén”, “Cádiz”, “Córdoba”, “Cumbres del Guadalfeo”, “Desierto de Almería”, “Laderas del Genil”, “Laujar-Alpujarra”, “Los Palacios”, “Norte de Almería”, “Ribera del Andarax”, “Sierras de las Estancias y los Filabres”, “Sierra Norte de Sevilla”, “Sierra Sur de Jaén”, “Torreperogil” e “Villaviciosa de Córdoba”.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xaneiro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA